

Ramiro Ouviaña Ouviaña, concelleiro e portavoz do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas neste concello

EXPÓN

QUE este grupo municipal ten denunciado en varias ocasións e por distintos medios as deficiencias da rúa Fernández Albor e a súa continuación, e tamén do aparcadoiro anexo.

QUE en febreiro do ano pasado este grupo municipal presentou unha solicitude que despois de explicar que “A Rúa Xerardo Fernández Albor e a súa continuidade ata o paseo dos Areos presenta un deterioro moi grande, co firme mal coidado e con numerosas fochancas, o que representa un perigo para os camiñantes e, nalgúns lugares, como no afundimento na saída do recheo no cruce coa Avenida Castelao, un risco para a circulación e dende logo a posibilidade de danos nos vehículos”, remataba solicitando que o goberno municipal xestionara diante de quen corresponda o arranxo á maior brevidade das rúas xa citadas, incluíndo en tal arranxo as fochancas existentes.

QUE fai poucos días víronse operarios traballando na instalación eléctrica da zona co resultado, cando menos polo momento, de mellora na iluminación, o que debe influír favorablemente na seguridade viaria.

QUE semanas atrás realizáronse traballos de reparación (?) da tapa de asfalto das rúas xa mencionadas cun resultado absolutamente nefasto, que deixa esas vías en peores condicións das que tiñan antes dos traballos.

QUE preocupado pola situación xeral das estradas citadas, este grupo municipal solicitou do grupo parlamentar do BNG no Parlamento de Galiza a presentación de dúas preguntas, que se anexan (9 follas a unha soa cara), para resposta oral en comisión e para resposta escrita, relativas a diversos arranxos na zona portuaria da Pobra do Caramiñal.

Polo anteriormente exposto, este concelleiro no seu nome e no do grupo municipal do BNG-AA

SOLICITA

Que Goberno Municipal xestione á maior brevidade co organismo Portos de Galicia o arranxo adecuado e definitivo do pavimento das rúas que son da súa titularidade e a sinalización do recheo co fin de corrixir dunha vez por todas as deficiencias das vías mencionadas.

A Pobra do Caramiñal, 02 de marzo de 2018



Ramiro Ouviaña Ouviaña

Concelleiro e portavoz do G. M. do BNG na Pobra do Caramiñal

